



ACTO DO O IESCHA NA XIRA DO SAN RAMÓN'2018 MOSTRA INTERACTIVA DE XOGOS TRADICIONAIS

A cargo de XOTRAMU de Muimenta

PARA XENTE NOVA E MAIORES

SÁBADO, 25 DE AGOSTO DE 2018 – 17:00 HORAS

NO CAMPO DE FÚTBOL POR RIBA DAS PISTAS DE TENIS DA MADALENA



O Instituto de Estudios Chairegos "Pena do Encanto" (Iescha), en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o sábado, día 25 de agosto, ás 17:00 horas, no campo de fútbol por riba das pistas de tenis da Madalena, e coincidindo coa Xira do San Ramón'2018, a MOSTRA INTERACTIVA DE XOGOS TRADICIONAIS, a cargo de XOTRAMU, de Muimenta, para a xente nova e para maiores.

XOTRAMU.- Todo empezou hai xa uns anos, cando un dos membros de Xotramu, xogador de birlos da zona, se dispuxo a reconstruír xogos que só permanecían na memoria dos nosos maiores. Xuntámonos un grupiño entusiasta de amigos dunha pequena vila da provincia de Lugo (Muimenta) con moita ilusión por conseguir a recuperación desta parte da nosa historia. Fixemos un interesante e emocionante traballo de campo entrevistando á xente maior desta zona e doutros lugares, lemos libros recopilatorios de xogos tradicionais e así fomos descubrindo curiosidades como que en Galicia hai catro modalidades do xogo da chave, que existen diferentes regras para xogar ós birlos, que o mesmo xogo responde a distintos nomes según o lugar onde se practique: billarda, estornela...

Cada día que pasaba, medraba o noso entusiasmo e así foi como nos embarcamos na emocionante aventura de organizar unha Xornada de Xogos Tradicionais en Muimenta. Contabamos cunhas instalacións axeitadas (1500m2 de terreo do pobo no recinto onde se celebra cada ano Moexmu e maila Festa da Filloa), un grupo de xente implicada no proxecto e disposta a adicar horas da súa vida persoal a esta iniciativa e só nos faltaba a colaboración de xente con experiencia neste tema, xente que puidese asesorarnos.

Así foi como contactamos con Brinquedia e mais coa AGXPT e o que se ía quedar nuns xogos locais convertiuse na celebración dunha completa Xornada de Xogos Tradicionais na que se involucrou coa súa participación xente de distintas Asociacións de Galicia, Portugal e Asturias. Daquela seguíamos abordando con ilusión e entusiasmo o proxecto pero tiñamos outra dificultade: o custo económico que supoñía levar adiante unha iniciativa desta envergadura. Contamos coa aportación, na medida das súas posibilidades, da área de Cultura da Deputación de Lugo e da Fundación Terra Chá de Vilalba. (...)

Este entusiasmo que sentimos en Xotramu queremos compartilo con todos e todas vós e por esa razón chegamos tamén ás redes sociais de tanta actualidade hoxe en día para, desde aquí, convidaros a vivir os recordos que nos traen os xogos tradicionais. (<http://xotramu.blogspot.com/2010/10/os-comezos.html>)